

Intervención do Presidente da Xunta de Galicia  
**Acto de toma de posesión**  
Praza do Obradoiro de Compostela, 18 abril de 2009

**Un galego máis**

Neste día do 2009 que asumo oficialmente as miñas funcións como Presidente da Xunta de Galicia, quixen que o meu primeiro acto público fora poder dirixirme a todo o pobo galego desde o corazón de Galicia e destino dos Camiños de España e Europa.

Neste día no que se mesturan tantas emocións e sentimentos, entre os que sobresaen a esperanza e o meu inmenso agradecemento ao pobo galego pola súa confianza; por enriba de todo, me sinto **un galego máis** e son consciente do que significa este momento.

Neste 2009, o ano no que dedicamos o Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, mantén toda vixencia o seu “galeguismo consciente” e o tomo como propio porque así debo exercer.

Galeguista, que é o trazo que define a nosa personalidade colectiva: o que, con diferentes matices, nos une.

O galeguismo como punto de encontro. Que nace na cidadanía, que quere ser expresión do noso tempo, que se sente partícipe do proxecto español i europeo, e que ten a súa expresión política na autonomía consagrada no noso Estatuto e protexida pola Constitución.

E consciente. Consciente de que esa unidade, se ben sempre foi necesaria, neste día, nestes tempos e perante as dificultades, se fai imprescindible e será, sen lugar a dúbidas, a forza que nos faga superar todos os obstáculos desta nova etapa do noso Camiño democrático.

Son consciente da situación real de tantas familias galegas, das súas inquedanzas, das súas preocupacións, de que hoxe, nesta crise, son demasiadas as que ven o futuro con temor ou como unha ameaza.

E por iso, me remonto aos clásicos e, parafraseando a Terencio, digo “*son home, nada humano me é alleo*”. Non o debo esquecer.

Son consciente de que tan alta é a honra da oportunidade que me brindan os galegos como a responsabilidade que teño e terá o novo Goberno por diante.

Son consciente de que aqueles que me precederon e aos que quero facer explícito recoñecemento, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, e Emilio Pérez Touriño, puxeron todo o seu empeño en acertar.

Permítanme que me deteña en quen foi o Presidente de todos os galegos máis tempo e co que tiveron a honra de colaborar desde unha Vicepresidencia: Manuel Fraga, os seus acertos foron decisivos para que Galicia culminara a súa primeira modernización

Acertar, avanzar e crecer deberán ser as constantes do meu traballo.

E son plenamente consciente de que se hoxe, neste acto aberto á cidadanía, conto co privilexio de poder dirixirme ao conxunto dos galegos é porque durante os próximos catro anos non deberei esquecer que teño que dirixirme a todos eles para responder ante unha confianza maioritaria avalada e lexitimada democraticamente cunha participación histórica nas urnas.

Son consciente de todo elo e asumo a Presidencia coa miña maior humildade persoal, pero tamén con toda a ambición colectiva.

A ambición no colectivo para aplicarme convencido das posibilidades deste país, crendo nel.

Convencido da riqueza dos recursos que nos brinda e, por enriba delo, da inmensa capacidade e talento das nosas xentes.

Dun pobo capaz de levantar esta Catedral á que miles de peregrinos de todo o Mundo chegan cada ano, e á que moi especialmente admirarán no Ano Santo 2010, o Xacobeo.

Do milenario esforzo daqueles que dedican, sete días laborables á semana, a súa vida ao campo; daqueles que a poñen en risco na

Mar con sacrificios moitas veces non valorados na súa xusta medida.

Convencido de que somos unha sociedade moderna; de que debemos aos nosos maiores o que herdamos e o que hoxe somos e poderemos chegar a ser;

Confiado na mocidade galega, preparada para competir nun marco internacional cada vez máis global, pero que aos galegos non nos é alleo pola presenza universal dos nosos emigrantes, tan galegos como os que pisamos esta terra cada día.

*Los emigrantes en Argentina, Uruguay, Venezuela, Brasil, México, Estados Unidos, Suiza, Alemania, Francia o Inglaterra, que con toda justicia deben ser partícipes de nuestros avances sociales y democráticos.*

*Convencido de que Galicia es un país abierto que no se cierra sobre sí mismo con fronteras artificiales, sino que se abre al Mundo.*

*De que somos una Galicia orgullosa de sí misma, que convive cordial y cívicamente. Que valora la riqueza del conocimiento, que es capaz de explicar en castellano, a aquellos que no son gallegos, que en Galicia tenemos una lengua propia, que amamos y que escogemos en libertad.*

A liberdade só pode molestar a aqueles que non a queren para os demais.

Convencido de que Galicia non se encerra na súa Historia para fuxir do porvir, senón que sabe apoiarse nela para construír o seu propio destino.

De que Galicia confía no seu futuro e que o encara con firmeza, seguridade e determinación.

E convencido de que podemos ser unha Galicia unida mediante a acción, a renovación e a rexeneración política.

Unha Galicia que só ten os límites e as metas que nós mesmos nos marcamos. A única Galicia que hai: a de todas as galegas e todos os galegos.

Toda a ambición para o colectivo; e toda a humildade no plano persoal.

A humildade para non sentirme dono de ningún cargo, senón depositario dos encargos do pobo galego.

Depositario temporal dunhas responsabilidades e dunha confianza que hei ter que renovar cada día co cumprimento dos meus propios compromisos.

Consciente de que ser Presidente non é unha mera mención; é unha función que se debe exercer nesta sociedade democrática avanzada coa máxima responsabilidade e solemnidade, pero sen deixar, en ningún instante, de ser un galego máis.

Exercela para contribuír activamente a modernizar e facer avanzar este país e, por tanto, o benestar dos seus cidadáns.

Exercela para representar a todas e todos os galegos, sen excepción, nin de persoas concretas, nin de afinidades políticas, nin de momentos.

E exercela consecuentemente cos compromisos adquiridos, para que os votos que os cidadáns depositan nas urnas cada catro anos teñan valor cada un dos días seguintes ata a seguinte cita electoral.

Nesta mesma praza do Obradoiro, neste mesmo Compostela, capital de Galicia e destino común do Mundo a través dos seus Camiños, asinei, como representante dun proxecto político, e a modo de contrato coa cidadanía galega, os obxectivos que nos marcamos para a lexislatura no caso de ter a oportunidade de ser Goberno.

Como partido político presentamos un Manifesto no que explicitabamos a Galicia que buscamos, a Galicia á que aspiramos, a Galicia que queremos, sobre a base dos nosos principios.

Uns principios sólidos -galeguistas e reformistas- pero que xamais impoñeremos, senón que sempre poñeremos ao servizo dos demais.

Como aspirantes á formación de Goberno presentamos un programa electoral –o noso proxecto económico, social e autonomista- para ser sometido á vontade dos galegos nas eleccións.

E como candidato á Presidencia da Xunta asinei ese contrato de obxectivos comúns coa cidadanía.

Hoxe, ese Manifesto, ese Programa, e os 14 puntos dese Contrato xa non son os compromisos dun partido; son as obrigas dun Goberno e as esixencias de todo un pobo.

(1.) A lóxica esixencia de que a prioridade do Goberno sexa combater o paro e que Galicia sexa unha terra de oportunidades para todas as galegas e os galegos en igualdade de condicións.

(2.) O aproveitamento dos recursos e dos potenciais deste país a través dunha acción conxunta e coordinada para facer fronte con maior eficacia á crise económica.

(3) Eficacia no acerto do destino dos recursos públicos coa irrenunciable austeridade como patrón de conducta.

(4) O alivio nas cargas fiscais para mellorar o día a día das familias e incrementar a competitividade do país.

(5 y 6) Garantir aos cidadáns un maior e mellor servizo público social e sanitario. Que Galicia non abandone un só territorio, nin a unha soa persoa.

(7) Ampliar as opcións de conciliación da vida persoal, laboral e familiar de pais e nais.

(8) Contribuír a que Galicia poida ser o destino elixido polos xóvenes para vivir, estudar e traballar.

(9) Buscar que todos os galegos teñan as mesmas oportunidades e servizos, vivan onde vivan, sexa no interior ou na costa, en cidades ou no rural

(10) Facer do respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible, principios irrenunciáveis en todas as áreas de Goberno. Temos a obriga de deixar en herdanza unha terra mellor da que recibimos.

(11) Asumir e apostar pola innovación como unha actitude que nos defina cando encaramos a segunda década do século XXI. A innovación que ha permitir que Galicia se adiante a cada crise e poida gañar o seu propio futuro.

(12) Renovar o papel da Administración pública para gañar en capacidade de resposta e converter aos empregados públicos galegos nunha das palancas fundamentais da acción pública, da dinamización, do estímulo de todos os cambios

(13) Recuperar os consensos en torno aos nosos símbolos identitarios, moi especialmente no idioma: o galego ten que ser un instrumento de unión, nunca de imposición e debe garantirse a liberdade para escoller lingua en todos os ámbitos

(14) E a rexeneración democrática consistente en soterrar “ismos” demasiado ligados á política galega.

A rexeneración democrática de recuperar, tanto no público como o privado, o senso auténtico do Dereito e do respecto ás leis.

A rexeneración democrática de gobernar para todos, galeguista e consciente de que, pese ao aval da maioría absoluta, hai miles de galegos que preferiron outras opcións políticas.

E a rexeneración democrática que comeza por que hoxe mesmo, o meu primeiro día como Presidente da Xunta, queira referirme e reiterar, exactamente, os mesmos compromisos que adquirín como candidato.

Entón os mostrei aos electores coas siglas dunha opción política e animando a que “chegara o momento”. Hoxe, estas siglas se trocan no escudo de Galicia que nos representa a todos e, ese momento, deixa de ser o dun partido para ser o de todos os galegos aos que, recollendo a letra do himno co que nos identificamos, lles expreso, con toda a confianza nas nosas posibilidades e con toda convicción, que *“os tempos son chegados”*.

Os tempos dunha nova xeración política que cambiará e renovará, como a sociedade demanda, pero que valorará o legado recibido. Que saberá apoiarse na experiencia dos que estiveron antes.

Os tempos que non serán sinxelos, pero si apaixonantes por canto supoñen os retos aos que deberemos enfrontarnos.

Os tempos que han de ser de diálogo, de pacto, de acordo sobre a base do que os cidadáns respaldaron libre e democráticamente.

E os tempos que non serei eu quen os cualifique de era, senón, simplemente, de nova etapa; porque o verdadeiramente extraordinario é que hoxe poidamos celebrar que existe a posibilidade da alternancia e que vivimos con plenitude a normalidade democrática.

Con esa normalidade asumo as miñas funcións como Presidente da Xunta; para gobernar -como é e o desexa o pobo galego- desde a normalidade.

Nesta Galicia aberta, cívica, cordial, que compite, pero que tamén convive, recollo versos do patrimonio cultural dos nosos veciños portugueses:

*Para ser grande sé íntegro:  
Nada do teu esaxera ou exclúe.  
Sé todo en cada cousa.  
Pon canto es no mínimo que fagas*

E inspirándome no poeta Pessoa, remato co meu primeiro compromiso como Presidente de todas as galegas e todos os galegos:

En toda cousa que faga, por pequena que sexa ou pareza, porei todo o que son.

Hoxe, son o Presidente; sempre, **un galego máis**

Moitas gracias